

2018

GRUPO DE DESENVOLVEMENTO
RURAL PONTEVEDRA MORRAZO



PROFESIONALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA VITICULTURA NA IXP RIBEIRAS DO MORRAZO

PROGRAMA FORMATIVO



galicia

Introdución

O Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra Morrazo, que xestiona a medida Leader 2014-2020, en colaboración coa Federación de Furancheiros, Loureiros e Viticultores de Pontevedra, está a desenvolver un proceso de dinamización do sector vitivinícola na indicación xeográfica protexida Ribeiras do Morrazo.

Esta iniciativa ven a continuar un traballo xa desenvolvido polo GDR, que tiña como obxectivo contribuir a acadar o recoñecemento da calidade destes viños.

No ano 2017 iniciouse un programa formativo de carácter práctico, para impulsar a participación activa dos axentes implicados no seu desenvolvemento e a articulación da citada indicación xeográfica protexida Viños do Morrazo, cun enfoque eminentemente ascendente. Para isto, realizouse unha proposta de traballo que conxugou accións formativas diversas para reforzar o empoderamento do sector de viticultores e adegoeiros da zona comprendida na IXP Ribeiras do Morrazo, fortalecendo deste xeito á propia figura de protección da calidade.

Nesta anualidade, preténdese continuar a formación cunha proposta que afonda en cuestións de carácter técnico (viticultura e enoloxía) e tamén organizativo, con referencias a modelos de funcionamento de carácter colaborativo, como pode ser o modelo das cooperativas vitivinícolas.

Obxectivos do proxecto

O programa formativo pretende dinamizar o sector vitivinícola, potenciando os seus coñecementos e o traballo en conxunto en torno ao que este selo de calidade supón.

O programa realizarase dende o mes de maio ata o de setembro, en diferentes localidades do territorio da IXP.

Esta proposta de traballo basease nunha metodoloxía de formación-acción, que ten como obxectivo fundamental o de realizar un programa formativo de carácter práctico, que impulse a participación activa dos axentes implicados no desenvolvemento e articulación da citada indicación xeográfica protexida Ribeiras do Morrazo.

Os principais obxectivos que persegue o programa formativo 2018 son:

1. Continuar reforzando e empoderando ao sector de viticultores e adegoeiros da zona comprendida na IXP Ribeiras do Morrazo.
2. Mellorar os coñecementos e a capacitación profesional das persoas participantes, para acadar un sector vitícola e vinícola, máis dinámico, moderno e proactivo.
3. Impulsar a xeración de iniciativas de emprendemento ligadas a modelos, como por exemplo o cooperativo.
4. Reforzar e dar a coñecer ao propio sector, coa realización de diferentes actividades, en diferentes concellos da zona territorial que comprende a IXP, e o propio GDR.

Metodoloxía de traballo e contidos do programa

O programa formativo vértase en catro áreas específicas:

- O planeamento estratéxico para a consolidación da IXP Ribeiras do Morrazo
- A modelización no desenvolvemento das IXP galegas
- O programa de emprendemento cooperativo
- A capacitación e profesionalización técnica para o sector

A metodoloxía de traballo comporta a realización de sesións teóricas e prácticas, entregando unha serie de materiais didácticos ás persoas participantes, para reforzar a adquisición de coñecementos e capacidades. As sesións prácticas serán obradoiros de carácter eminentemente práctico e visitas de estudo, para afondar no coñecemento doutras experiencias en marcha e de interese para o sector.

Levarase un control de asistencia das persoas participantes utilizando unha folla de sinaturas das sesións. O aforo máximo para cada sesión será de 20 persoas, sendo seleccionadas por rigorosa orde de inscrición.

A estrutura dos contidos formativos e das actividades a desenvolver son as seguintes:

A. O planeamento estratéxico para a consolidación da IXP Ribeiras do Morrazo

Para afondar no desenvolvemento do sector, considérase de importancia seguir dúas liñas de traballo, orientadas cara o coñecemento de todo o relacionado cos dereitos de explotación e o salto cara un modelo empresarial de desenvolvemento da IXP.

Contémplase a realización de dous cursos de formación, cun total de oito horas.

- **Curso de formación CA1: O Rexistro vitícola Galego e a Ficha vitícola.**
- **Curso de formación CA2: Creación de novas empresas vitivinícolas.**

B. A modelización no desenvolvemento das IXP galegas.

Esta área tentará reforzar á propia IXP, botando man das experiencias existentes en Galicia, en clave de aprendizaxe e observación. Analizaranse diferentes factores relacionados coa dimensión social, económica e produtiva das IXP galegas, ao tempo, que se visitará a unha delas para comprobar in situ, como se desenvolve a actividade nalgunha das súas adegas.

Esta área contempla a realización de un curso de formación e unha visita de estudo, cun número de horas aproximado de sete horas.

- **Curso de formación CB1. Análise comparativo das IXP Val do Miño Ourense, IXP Barbanza Iría e IXP Terra de Betanzos**
- **Visita de estudo. VB1. A indicación xeográfica protexida Barbanza Iría.**

C. O programa de emprendemento cooperativo.

Esta área estará orientada a que as persoas participantes valoren a idoneidade de optar polo modelo das cooperativas, como resposta ao desenvolvemento social e empresarial do sector.

Esta área contempla a realización de un curso de formación e unha visita de estudo, cun número de horas aproximado de sete horas.

- **Curso de formación CC1. Fórmulas de emprendemento cooperativo e colaborativo.**
- **Visita de estudo. VC1. Visita a cooperativas vitícolas.**

D. Capacitación e profesionalización no ámbito da viticultura.

Esta área tería como principal obxectivo o de adquirir unha serie de competencias profesionais no eido da viticultura, se ben paralelamente estas actividades formativas servirían para enganchar e reforzar a cohesión social do grupo de axentes do territorio.

En total computaríanse 63 horas de formación nesta área, que combinaría sesións de contidos teóricos con traballos prácticos en parcelas ou adegas, co fin de aplicar os coñecementos adquiridos.

- Curso de formación CD1. Coñecemento de castes e variedades autóctonas.
- Curso de formación CD2. Implantación de parcela e sistemas de formación.
- Curso de formación CD3. Fertilización e manexo do solo.
- Curso de formación CD4. Defensa vexetal, control de doenzas e pragas.
- Curso de formación CD5. Vendima e control de madurez.
- Curso de formación CD6. Elaboración de viños.

Calendario

Sesións	Data	Hora	Lugar
A. O planeamento estratéxico para a consolidación da IXP Ribeiras do Morrazo			
Curso de formación CA1: O Rexistro vitícola Galego e a Ficha vitícola.	25/05/18	16:30 - 20:30	Pazo da Cultura de Pontevedra
Curso de formación CA2: Creación de novas empresas vitivinícolas.	01/06/18	16:30 - 20:30	Pazo da Cultura de Pontevedra
B. A modelización no desenvolvemento das IXP galegas.			
Curso de formación CB1. Análise comparativo das IXP Val do Miño Ourense, IXP Barbanza Iria e IXP Terra de Betanzos	31/08/18 ou 01/09/18	10:00 – 14:00	IXP Betanzos IXP Barbanza Iria
Visita de estudo. VB1. A indicación xeográfica protexida Barbanza Iria.	01/09/18	16:00 – 19:00	
C. O programa de emprendemento cooperativo.			

Sesións	Data	Hora	Lugar
Curso de formación CC1. Fórmulas de emprendemento cooperativo e colaborativo.	15/06/18	10:00 – 14:00	sesións formativa e visita Adega Moraima
Visita de estudo. VC1. Visita a cooperativas vitícolas.		16:00 – 19:00	
C. Capacitación e profesionalización no ámbito da viticultura.			
Curso de formación CD1. Coñecemento de castes e variedades autóctonas.	08/06/18		Cangas
Curso de formación CD2. Implantación de parcela e sistemas de formación.	22/06/18 23/06/18		Vilaboa e Bueu
Curso de formación CD3. Fertilización e manexo do solo	06/07/18	10:00 – 14:00	Pazo da Cultura de Pontevedra
Curso de formación CD4. Defensa vexetal, control de doenzas e pragas.	20/07/18	16:00 – 19:00	Moaña
Curso de formación CD5. Vendima e control de madurez.	14/09/18 15/09/18		Vilaboa e Bueu
Curso de formación CD6. Elaboración de viños.	28/09/18 29/09/18		Vilaboa e Bueu